

1.Título do proxecto: NeuroCicatrices

2.Datos persoais:

- Helena romero Rodríguez
- Elba Ferreira Pérez
- Centro educativo: IES Illa de San Simón
-

3.Resumo do proxecto: O resumo do traballo recollerá os aspectos máis relevantes dos diferentes apartados da descrición do traballo. Establécese un mínimo de 600 caracteres e un máximo de 800 caracteres utilizando un estilo divulgativo para explicar en que consiste o proxecto en cuestión.

Dado que o tema deste ano en Galiciencia é o de neurociencia e saúde mental, decidimos investigar sobre unha parte moi importante da neurociencia que vimos durante o curso de 3º da ESO na materia de bioloxía e xeoloxía como son as neuronas, as súas partes máis significativas, o seu funcionamento e o fenómeno da neuroplasticidade, no que afondamos neste proxecto que presentamos para participar nesta edición.

O noso proxecto consiste na elaboración dunha maqueta dun circuito neuronal para poder observar dunha maneira visual que é a neuroplasticidade do noso cerebro. O interese neste traballo baséase nunha historia cercana da nosa contorna, sobre unha nena que sufrira un dano cerebral durante o parto, e que conseguiu grazas a unha rehabilitación intensa, lograr adquirir a habilidade de falar.

4.Propósito do traballo: É necesario detallar a finalidade do traballo (máx. 800 caracteres con espazos).

O propósito deste traballo é coñecer cómo funcionan as conexións neuronais (sinapse) e como ante situacións de dano cerebral por diversos motivos (accidentes cerebro vasculares, problemas no parto etc) o cerebro, con suficiente entrenamiento, é capaz de establecer novos camiños, algo máis longos, pero igualmente efectivos para reestablecer a parte afectada. A isto chámase neuroplasticidade e é un proceso natural sobre todo nos nenos máis pequenos.

5..Material e métodos:

Para visualizar o proceso da neuroplasticidade, fixemos unha maqueta con neuronas, onde mediante luces led, visualizamos o camiño inicial que seguirían os impulsos nerviosos para provocar a capacidade da fala e como no caso de dano, establécese outro camiño algo máis longo pero que consegue o mesmo efecto, reparando así o dano provocado.

6.Conclusións: Xeneralizacións que se poden realizar en base aos resultados obtidos. Enunciado dos novos coñecementos derivados do traballo unha vez contrastados coa literatura existente sobre o tema (máx. 800 caracteres con espazos).

Neste traballo despois de consultar en moitas páxinas de internet, aparte de aprender como se produce o fenómeno de reparación do dano cerebral, tamén entendimos como funciona o noso cerebro e como está en continuo cambio, establecendo novas conexións e eliminando outras xa que o cerebro non crece indefinidamente, do mesmo xeito que é capaz de seleccionar información relevante cada día eliminando outra que non é de interese

7.Bibliografía: É necesario indicar de forma detallada os arquivos, hemerotecas, fontes orais, fotografías utilizadas así como posibles visitas a lugares singulares... (máx. 800 caracteres con espazos).

<https://www.agenciasinc.es/Entrevistas/La-plasticidad-cerebral-nos-permite-cambiar-y-aprender-hasta-el-final>

<https://www.flintrehab.com/es/neuroplasticidad-despues-del-accidente-cerebrovascular/?srsId=AfmBOoqgtG88CxKOnZsEhSH3qMNvALS5b24l6ZdfxuXORDABe9Qonbg9>

<https://fedace.org/neuroplasticidad.html>